

A VICESECRETARIA XERAL DE UGT DENUNCIA QUE SÓ O 40% DAS EMPRESAS TEÑEN REXISTRADOS PLANS DE IGUALDADE E QUE A IMPLANTACIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS E PROTOCOLOS CONTRA O ACOSO NO EIDO LABORAL É EXCESIVAMENTE BAIXA

UGT-GALICIA CONSTITÚE A SÚA ÁREA DA MULLER

Márcase o obxectivo de converterse nun referente nesta Comunidade na loita pola igualdade real e efectiva entre homes e mulleres



Redacción.- Este martes tivo lugar en Santiago o acto de constitución da Área da Muller de UGT-Galicia e foi nomeada como coordinadora da mesma Paula Alves da Silva. O resto do equipo estará conformado por Ana Carricoba, Mónica Suárez, Rocío Huelga, Isabel Pérez e Paula Alonso. Dáse así cumprimento ao mandato do 43 Congreso de UGT no que se instaba aos organismos do Sindicato a constituír estas áreas co obxecto de loitar pola igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os eidos da vida e tamén no ámbito laboral, porque é de xustiza promover o traballo decente para todos e todas.

Así, UGT-Galicia agarda que esta Área se converta nun órgano de referencia en materia de igualdade para os afiliados e afiliadas do Sindicato, delegados e delegadas e para a sociedade no seu conxunto. Nun punto de encontro no que debater, analizar, crear liñas de traballo e facer achegas en todo o relativo á situación da muller no eido laboral e social.

Antes do acto de constitución, que tivo lugar na sede de UGT-Galicia en Santiago, a vicesecretaria xeral de UGT confederal, Cristina Antoñanzas, e a secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad

Campos, ofreceron unha rolda de prensa.

Neste acto informativo, Cristina Antoñanzas saudou a iniciativa de UGT-Galicia á hora de constituír esta Área e a cualificou como un paso importante, en termos xerais, porque hai que traballar a prol da igualdade real porque as mulleres seguen a soportar a desigualdade no seu día a día e no ámbito laboral soportan taxas de discriminación inaceptables, peores salarios, máis precariedade, máis trabas para acceder a un posto de dirección, por non falar dos casos de acoso que se rexistran.

Lembrou que UGT xa contaba, dende hai 40 anos, cos departamentos da muller e a igualdade sempre foi unha materia transversal en todos os eidos de negociación e acción sindical, non obstante, no 43º Congreso, o Sindicato decidiu a creación das áreas como un punto de traballo máis participativo, máis aberto e non tan institucionalizado.

No encontro cos medios, Antoñanzas falou sobre acoso sexual no traballo e lembrou que xa no 2017 UGT no seu Comité confederal pechou un protocolo de actuación contra o acoso sexual para trasladar e negociar nas empresas. Fixo

fincape en que é obrigatorio que todas as empresas, independentemente do seu tamaño, conten con medidas que fixen como actuar cando se produce un caso de acoso pero, denunciou, isto non está a suceder. UGT vai seguir traballando incansantemente para que esta eiva se solucione e dar así unha maior cobertura ás posibles denuncias.

Explicou que, precisamente, a ausencia destas medidas ou protocolos provoca unha dobre vitimización. Ante unha denuncia, en moitos dos casos á afectada se lle cambia de posto ou, incluso, se lle invita a ir para casa uns días “á espera de que se calmen as cousas”. Evidentemente, este non é o xeito de actuar. Un protocolo debe establecer que o primeiro, sempre, é protexer á vítima, á marxe de calquera outra consideración.

Detallou que, segundo o informe da Inspección de Traballo do ano 2021, en España rexistráronse tan só 642 actuacións por acoso que derivaron en 37 actas de infracción. Para UGT, isto é só a punta do iceberg porque ata o de agora estas situacións eran fenómenos habituais, excesivamente normalizados pero

Continúa na páxina seguinte...

invisibilizados.

Insistiu en que hai que traballar pola elaboración e implantación de protocolos en todas as empresas.

Trinidad Campos explicou que en Galicia no 2021 o número de actuacións foi de preto de 40, unha cifra que hai que contextualizar nas 642 que se producen en todo o Estado e no mercado laboral da Comunidade.

Antoñanzas insistiu en que todas as empresas están obrigadas a establecer medidas ou protocolos para actuar fronte ao acoso e que as que teñen máis de 50 traballadores e traballadoras teñen que dispoñer de plans de igualdade que, necesariamente, deben conter estes proto-

colos. Pero o problema é que no conxunto do Estado, do total das empresas que están obrigadas a elo, tan só o 40% contan con estes plans de igualdade.

A vicesecretaria xeral de UGT tamén sinalou que o feito de que en España as pequenas e medianas empresas sexan o que domina constitúe un hándicap que fai máis difícil a denuncia para a vítima, o que ás veces a leva a desistir, incluso, a abandonar o posto de traballo.

Para dar máis cobertura a esta problemática, UGT tamén está a traballar para introducir nos convenios colectivos medidas de protección e actuación.

Cristina Antoñanzas e Trinidad Campos tamén analizaron os permisos

para a conciliación que acaban de entrar en vigor. Ao respecto, amosaron o desacordo do Sindicato co permiso de 8 semanas por non ser retribuído, o que, de seguro, vai conducir a que a maioría das que o soliciten sexan mulleres, incidindo así nas brechas xa denunciadas. En relación ao resto de permisos, dende UGT demándase unha definición máis precisa porque a ambigüidade nalgúns termos está levando a que moitas empresas lle poñan trabas ás persoas que os solicitan. No que si incidiron ambas é en que se trata de permisos destinados tanto a homes como a mulleres, polo que chegou o momento de aplicar a corresponsabilidade e que non sexan sempre as mulleres as que solicitan este tipo de permisos.

A UXP DE UGT-GALICIA CONVOCA PARA O DOMINGO, CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES, UNHA MANIFESTACIÓN EN SANTIAGO

Redacción.- A UXP de UGT-Galicia convoca para o vindeiro domingo, co gallo do Día internacional das persoas maiores, unha serie de actos en Santiago. Ás 12.00 horas está prevista unha concentración na Praza de Praterías e, posteriormente, sairase en manifestación ata a Praza do Toural onde darase lectura a un manifesto. Despois terá lugar un xantar no que os maiores do Sindicato poderán celebrar o seu día.

Será un día festivo pero tamén

unha xornada reivindicativa na que os xubilados e pensionistas reclamarán que se impulse unha lexislación e un incremento do financiamento para mellorar o sistema público de residencias de maiores. Concretamente, a día de hoxe calcúlase que en Galicia existe un déficit de prazas de máis de 15.000.

Dende a UXP tamén se denuncia que a sanidade continúa baixo mínimos, asistindo ao desmantelamento da sanidade pública e á súa privatización. Tamén se considera urxente a aproba-

ción por parte do Goberno da figura da Autoridade de defensa do cliente financeiro e que a transformación dixital se realice de forma inclusiva.

Saúdase a reforma do sistema público de pensións pero insístese en que ningunha pensión a futuro debe estar por baixo do 60% do salario mediano. Os máis maiores tamén reclaman unha política fiscal progresiva e que se inclúa na axenda política unha Lei integral dos dereitos das persoas maiores.

VIGO ACOLLE ESTE XOVES E VENRES O I ENCONTRO DA AGRUPACIÓN DE TRABALLADORES PASIVOS DE UGT FICA GALICIA E CASTELA E LEÓN

Autonomía do paciente, edadismo no proceso de envellecemento ou o futuro das pensións serán os temas ao redor dos cales xirarán as dúas xornadas

Redacción.- A Agrupación de Traballadores Pasivos (ATP) de UGT FICA Galicia e Castela León (que aglutina traballadores xubilados, prexubilados e pasivos da Federación de Industria, Construción e Afíns), xunto con UGT FICA Galicia e UGT FICA Castela León organizan este xoves e venres o I Encontro en Vigo..

A apertura deste I Encontro tivo lugar o xoves e correu a cargo dos coordinadores das ATP UGT FICA de Galicia e de Castela e León, Jovito Rivas e José Luís Velasco, respectivamente. De seguido, tiveron lugar as intervencións institucionais e fraternais. Aquí tomaron a palabra a secretaria de Administración de UGT FICA Galicia, Ángeles González; o alcalde de Vigo, Abel Caballero; o secretario xeral de UGT FICA Vigo,

Rubén Pérez; o responsable federal da ATP federal UGT FICA, Mariano Rojo; e o secretario xeral de UGT FICA Castela e León, Miguel Ángel Gutiérrez. Xa ás 17.30 horas Agustina Portabales, traballadora social do Sergas, desenvolveu o relatorio "Autonomía do paciente: toma de decisións ao final da vida". Despois, ao redor deste tema, abriuse un debate.

O venres o xerontólogo clínico Andrés Vázquez falará sobre "Bo trato, mal trato e edadismo no proceso de envellecemento". Tamén aquí haberá un espazo para o debate. "O futuro das pensións e o Pacto de Toledo" tamén serán obxecto de análise e debate posterior. Aquí exporá o seu relatorio o secretario para o Pacto de Toledo CEF PSOE, Iván Fernández.



Xa ás 13.30 horas está prevista a clausura que correrá a cargo do secretario de Organización e Administración de UGT FICA Castela e León, Andrés Mielgo; o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes; e do secretario xeral de UGT-FICA-Galicia, Javier Carreiro.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE CORUÑA MOBILIZÁRONSE ESTA SEMANA EN SANTIAGO POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da sanidade privada da provincia da Coruña abriron un calendario de mobilizacións a semana pasada para demandar un convenio digno para o sector.

Este mércores tivo lugar a segunda mobilización, unha concentración fronte ao Hospital La Rosaleda en Santiago. O día 4 de outubro a mobilización trasladárase ao Cardona de Ferrol; e o 11 ao Modelo na Coruña.

As negociacións do convenio remóntanse a decembro de 2022 cando UGT, xunto con CIG e CCOO, propuxeron unha redución do total de horas a 1.720; que non se tocouse o 5% do salario base nos trienios; que non se tocouse o cobro do 100% no caso de baixa; e que os domingos

se pagasen con 30 euros; así como a necesidade de actualizar as táboas salariais.

Pola súa banda, a patronal négase a baixar das 1.792 horas anuais; en canto aos trienios, límitase a unha cantidade fixa; pretende reducir o cobro nos tres primeiros días das baixas; e négase a pagar os domingos.



Ante esta situación de bloqueo, os traballadores e traballadoras estanse a mobilizar en demanda dun convenio digno.

XORNADA INTENSA DE REIVINDICACIÓNS EN VIGO PARA O MANTENIMENTO DO EMPREGO E DA ACTIVIDADE PRODUTIVA NA COMARCA

Concentración dos traballadores e traballadoras de Madera Fiber e asemblea de Pescanova

Redacción.- Este mércores foi unha xornada intensa de reivindicacións en Vigo para demandar o mantemento do emprego e da actividade produtiva na comarca.

Concretamente, tivo lugar unha concentración fronte á sede da Xunta na cidade olívica dos traballadores e traballadoras de Madera Fiber (o que antes era Faurecia interior) na que se demandou un inversor serio que garanta a continuidade do proxecto industrial e o mantemento dos 103 empregos actuais.

Asemblea Pescanova

Tamén se celebrou unha asemblea dos traballadores e traballadoras de Pescanova para explicar a situación do inicio do período de consultas do ERE e acordar o calendario de mobilizacións para combater esta medida. Inicialmente, está prevista unha concentración o día 3 en Conxemar. Só estes dous conflitos poden deixar na rúa a máis de 200 persoas traballadoras, polo tanto, é necesaria a intervención das institucións para preservar e fortalecer o emprego das industrias da comarca.



Unha semana máis de mobilizacións no Avelino Montero

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do centro de menores Avelino Montero de Pontevedra continúan co calendario de mobilizacións e concentráronse de novo este martes ás portas do centro en defensa do emprego e para dicir non á privatización ante a ausencia dunha resposta clara da Xunta que está a actuar en contra dos criterios dos colexios profesionais e, incluso, dos datos das memorias anuais das propias fiscalías.



OS SINDICATOS EUROPEOS AMÓSANSE EN CONTRA DA VOLTA A POLÍTICAS DE AUSTERIDADE

As propostas que se están debatindo poden prexudicar ás familias, a economía e o emprego e, por elo, os sindicatos están valorando unha resposta

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, intervén nas reunións do Comité de Dirección e Comité Executivo da Confederación Europea de Sindicatos (CES). Estas reunións celébranse, nesta ocasión, na sede do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación en Madrid. Tamén participou nelas o secretario de Relacións Internacionais de UGT, Jesús Gallego.

Durante a súa intervención, Pepe Álvarez avogou por unha “Europa xusta, segura, limpa e respectuosa, onde as e os traballadores poidan vivir, respirar e falar libremente en solidariedade coas persoas de todo o mundo e poñer fin á crise do custo de vida”.

“A UE ten que priorizar a negociación colectiva e o diálogo social para mellorar as condicións de vida e traballo das persoas”, afirmou. “Europa debe apoiar as campañas sindicais por aumentos salariais reais, incluído alcanzar o nivel de salario digno, e unha converxencia á alza dos ingresos e as condicións laborais en toda Europa; loitar contra todas as formas de traballo precario, mediante a prohibición das prácticas non remuneradas e os dereitos legais a contratos permanentes e traballo a tempo completo; contra o dumping social e a fraude; e eliminar a brecha salarial de xénero”.

Para Álvarez, é imprescindible que a Unión Europea apoie “campañas tan importantes como as da redución da xornada laboral e poñer o control da flexibilidade horaria en mans do traballador”. Así mesmo, Álvarez destacou que hai que “loitar polos dereitos dos teletraballadores, incluído o dereito para desconectarse e a prohibición da vixilancia invasiva e irrespetuosa; buscar unha transición xusta para xestionar os cambios tecnolóxicos e doutro tipo no lugar de traballo cunha forte participación sindical; defender o principio de que o ser humano ten o control e establecer o dereito á toma de decisións humana no traballo”.

Todo iso co obxectivo de crear “un tecido social e económico xusto cun novo modelo económico que teña no centro a economía real, o crecemento sostible, a creación de emprego, o traballo decente, a tributación xusta e progresiva e a redistribución da riqueza, que impulse uns



servizos públicos de alta calidade e unha política industrial sólida, con investimentos públicos e privados significativos e efectivos que sustenten empregos de calidade e de progreso social”.

Fiscalidade e democracia

No seu discurso, o secretario xeral de UGT sinalou a necesidade de “terminar o Pacto Fiscal da UE e a reforma do Pacto de Estabilidade e Crecemento, co fin de aliñalo coa consecución dos dereitos incluídos no Piar Europeo de Dereitos Sociais; esixir que os dereitos laborais, sindicais e sociais teñan prioridade sobre as liberdades económicas; insistir en que se inclúan en todos os acordos condicións estritas que abarquen criterios sociais, fiscais e ambientais; e novas formas de financiamento público e apoio ás empresas”.

En relación á situación de guerra entre Rusia e Ucraína, reclamou o “fin inmediato do conflito” e valorou a paz, a seguridade e a supervivencia traballando por unha acción climática sólida a través de transicións xustas a nivel nacional, europeo e global. “É fundamental apoiar a paz, a democracia, os dereitos humanos e a xustiza económica global para apontoar a seguridade económica; e loitar polos migrantes, os solicitantes de asilo e todos os que sofren o impacto da guerra, a agresión, os abusos dos dereitos humanos e o cambio climático”.

Ademais, ante o auxe da extrema dereita en toda a Unión, avogou por “traballar co S&D e outras forzas nunha campaña contra a extrema dereita e outras organizacións antidemocráticas para as eleccións parlamentarias europeas de 2024; e loitar pola reforma das institucións europeas para facilitar unha

Europa social e democrática”.

Aumentos salariais de maneira urxente

Sobre a problemática xeral dos baixos salarios en Europa, Pepe Álvarez afirmou que “a actual proposta da Comisión de revisar a gobernanza económica e o Pacto de Estabilidade e Crecemento corre o risco de empuxar aos nosos sistemas nacionais cara políticas restritivas que obstaculicen os investimentos económicos e sociais necesarios. O movemento sindical europeo manifestarase o próximo 12 de outubro en París para esixir instrumentos financeiros europeos que apoiem o crecemento sostible, o emprego e por unha economía que dea resultados concretos ás e os traballadores, para conseguir salarios máis altos e empregos de calidade, por unha maior protección social, por investimentos. En servizos públicos de calidade que garantan os dereitos de cidadanía, por unha negociación colectiva sólida e polo diálogo social, polos dereitos dos sindicatos e dos traballadores, por un aumento dos investimentos públicos en conversións industriais, por unha política fiscal xusta e redistributiva”.

“Os salarios reais están a caer dramaticamente e van moi por detrás da inflación, impulsados esencialmente por ganancias adicionais e non por aumentos salariais”, considerou. “Facía moito tempo que non víamos unha evolución tan desastrosa. En París pediremos aumentos salariais. A reforma da gobernanza económica non pode facerse baixo ningunha premisa de austeridade. A reforma laboral de 2012, os recortes en prestacións, a reforma das pensións de 2012 etc. Fixéronse xustificándose no que mandaba a austeridade europea. E case nos mata. A toda Europa”.

OS PREZOS CONTINUÁN LASTRANDO A RECUPERACIÓN DAS FAMILIAS

O IPC adiantado de setembro reflicte a necesidade de aumentar os salarios e repartir os beneficios empresariais

Redacción.- Os datos do IPC adiantado do mes de setembro, publicados polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,5%, nove décimas máis que en agosto. Este notable repunte explícase pola continua subida dos prezos enerxéticos (que se moderaron moito a finais de 2022), un fenómeno que se manterá activo durante o último cuadrimestre do ano, elevando de forma progresiva a taxa xeral de prezos.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, redúcese tres décimas respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 5,8%. A pesar da leve moderación, para UGT segue sendo un valor moi elevado e preocupante, en tanto revela o mantemento das presións inflacionistas en moitos produtos básicos para as familias traballadoras.

Por iso, UGT reclama con urxencia o despregamento de políticas encamiñadas a incrementar a competencia e limitar os beneficios empresariais en sectores como

o da distribución alimentaria, a fin de garantir prezos xustos e alcanzables para a cidadanía. Igualmente, é necesario seguir mantendo as medidas anticrise para consumidores vulnerables, xa que o encarecemento de prezos segue sendo moi prexudicial para os fogares con menos recursos. Neste sentido, débense aprobar medidas excepcionais que cubran o desproporcionado encarecemento da cota mensual en hipotecas a tipo variable, evitando así unha nova onda de desaloxos no noso país.

Ademais, UGT esixe a necesidade de seguir impulsando os salarios. Os convenios asinados en 2023 mostran



unha subida salarial media do 4,3%, por encima da inflación xeral, o que demostra que os incrementos referendados no V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) xa están a ter efectos positivos. Con todo, debemos seguir loitando e insistindo ata lograr que a recuperación do poder adquisitivo sexa unha realidade extensible ao conxunto da clase traballadora.

É URXENTE E FUNDAMENTAL CONTAR CUNHA DIRECTIVA COMUNITARIA QUE REGULE A XESTIÓN DOS RISCOS PSICOSOCIAIS NAS EMPRESAS

Atallar a precariedade laboral melloraría a saúde mental das persoas traballadoras

Redacción.- Ana García de la Torre asistiu á Xornada: "Saúde mental e precariedade laboral. A xestión dos riscos psicosociais", que se celebrou con motivo da Presidencia Española do Consello da UE, e desenvolveuse os días 26 e 27 de setembro en Toledo. Nesta xornada debateuse amplamente a necesidade de regular, a nivel europeo, a xestión dos riscos psicosociais nas empresas.

É evidente que a precariedade laboral prexudica á saúde mental das persoas traballadoras. De feito, o Comité Económico e Social Europeo, elaborou a petición da Presidencia Española do Consello, un Ditame sobre Traxectoria precario e saúde mental, onde se pon de relevo a influencia das condicións de traballo na saúde mental das persoas traballadoras. No devandito Ditame indícase que, se na Unión Europea se eliminasen as exposicións a riscos psicosociais laborais, a carga de depresión caería entre o 17 e o 35% e as enfermidades cardiovasculares entre o 5 e o 11%.

A temporalidade, a parcialidade involuntaria, a inseguridade laboral, as altas esixencias unidas ao baixo control sobre o traballo,

os baixos salarios, os horarios que non permiten a conciliación, son todos eles factores que impactan negativamente na saúde mental das persoas traballadoras.

UGT vén denunciando, desde hai tempo, que os riscos de orixe psicosocial e organizativa son os peor xestionados nas empresas, o que sen dúbida inflúe na aparición ou empeoramento de problemas de saúde mental entre as persoas traballadoras e que xa son moitas as voces que reclamamos unha maior protección da saúde mental das persoas traballadoras.

O sindicato continúa reivindicando a elaboración, coa participación dos axentes sociais, dunha Directiva comunitaria dirixida a regular a xestión dos riscos psicosociais nas empresas, que sirva de paraguas para todos os Estados membros que, como España, non dispón dunha norma destas características. Desta forma, unificaríase a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras de Europa fronte a este tipo de risco.

Ademais, UGT reclama que as patoloxías derivadas da exposición a riscos psico-

sociais de orixe laboral, sexan incluídas de forma urxente no Cadro de enfermidades profesionais español, recollido no RD 1299/2006, do 10 de novembro e lembra que a OIT, xa en 2010, incluía estas patoloxías na súa listaxe, a diferenza do noso país, onde apenas se recoñece a orixe profesional dos trastornos mentais relacionados co traballo.

O sindicato insta ao futuro Goberno a que convoque, en canto sexa posible, unha mesa de diálogo social en materia de prevención de riscos laborais, onde se negocie un Plan de Choque contra a sinistralidade laboral no que se aborden os riscos psicosociais de orixe laboral, xa que a primeira causa de morte en accidente de traballo no noso país son os infartos e derrames cerebrais, patoloxías que poderían estar relacionadas coa exposición a riscos psicosociais, por exemplo o estrés laboral.

Tamén demanda maiores recursos, tanto humanos como materiais, para que a Inspección de Traballo fomenta as súas actuacións no control do cumprimento da normativa por parte das empresas respecto á protección da saúde mental das persoas traballadoras.